



16 de Marzo 2020: Investir en saúde para todos e todas "Difundir a solidariedade, non o virus"

Hoxe, máis que nunca, é urxente actuar. O brote de COVID-19 ensínanos a importancia dunha acción coordinada, non só nos nosos sistemas de saúde locais, senón a nivel nacional e internacional. O que agora necesitamos nun forte sistema de saúde baseado na solidariedade e unha coordinación que vaia máis aló de fronteiras nacionais, levando a cabo unha acción efectiva a nivel europeo e global.

Asegurar unha sanidade pública significa asegurarnos de que as persoas máis vulnerables tamén poidan acceder a todas as medidas de saúde que se tomen. A distribución desigual dos recursos compromete a nosa capacidade para controlar o virus e lévanos a sufrir e morrer innecesariamente hoxe e mañá.

Esta crise é só a punta do iceberg. Durante varios anos, os sistemas de saúde dos estados membros europeos sufriron fortes ataques de privatización, comercialización, financiamento insuficiente e rexionalización, impostos pola Unión Europea a través de medidas de austeridade no gasto en saúde. Isto afectou a capacidade dos sistemas de saúde para coordinar campañas de prevención a gran escala e limitou a súa capacidade de expandir os servizos de atención en situacións de crises, ao mesmo tempo que erosiona a confianza da poboación xeral no todo sistema de saúde.

Por estes motivos a Rede Europea, * People's Health Movement, EPSU*, Alter Summit and Medact instan aos nosos responsables políticos locais, nacionais, europeos e mundiais a emprender accións inmediatas para protexer a nosa saúde pública.

A crise que estamos a presenciar hoxe ilustra por que loitamos cada 7 de abril, o Día Europeo de Acción contra a Comercialización da Saúde e a Protección Social e o Día da Saúde das Persoas: un sistema de saúde forte, solidario e accesible para todos e todas. Agora, máis que nunca, chamamos á mobilización inmediata de recursos!

Hoxe, o 7 de abril e despois; xa sexa na rúa, nos nosos hospitais, a través das redes sociais ou na prensa, instamos as persoas encargadas da toma de decisións a garantir que o noso sistema de saúde e os nosos profesionais da saúde sexan capaces de responder as necesidades da poboación a través dun forte sistema de saúde público e universal que estea protexido das lóxicas lucrativas e o apetito das empresas comerciais.

O 7 de abril, por quinto ano consecutivo, organizamos accións descentralizadas en toda Europa para o Día Europeo de Acción contra a Comercialización da Saúde e o Día da Saúde das Persoas en todo o mundo.

Decidimos cancelar todas as reunións e accións presenciais. Facemos un chamamento a toda a cidadanía para que mostren o seu apoio para "difundir a solidariedade, non o virus" cunha acción nunha folla en branco, o 7 de abril:

- 1. Escribe a túa mensaxe nunha folla en branco e cólgaa nun lugar visible**
- 2. Faille fotos**
- 3. Comparte as túas fotos nas redes sociais co hashtag # health4all**

A Rede Europea contra a comercialización e privatización da saúde e a protección social - europe-health-network.net/, People's Health Movement Europe - phmovement.org/, European Public Service Union (EPSU <https://www.epsu.org/>), Alter Summit - www.altersummit.eu, Medac

Contacto: Sarah Melsens, Coordinadora da Rede Europea contra a comercialización e privatización da saúde e a protección social, P. +32499 42 44 48 - europeanhealthnetwork@gmail.com